

R. 04179

MEIRA

Anuncio

De conformidade co artigo 49 da Lei 7/85, por non se presentar reclamación algunha durante o período de exposición ao público, elevase a definitivo o acordo provisional adoptado polo Pleno do Concello en sesión celebrada o día 30 de maio de 2006, relativo a nova **ORDENANZA REGULADORA DO RÉXIME DA FEIRA-MERCADIÑO DO CONCELLO DE MEIRA**. Procédese a publicación do texto completo de dita ordeanza, entrando en vigor transcorrido 15 días dende a súa publicación no BOP, conforme o establecido no artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/85.

ANEXO

Visto que tradicionalmente se vén celebrando neste Concello de Meira unha feira-mercadiño, que foi evolucionando ó longo do tempo ata converterse nunha referencia para toda a comarca.

Podendo atopar na Feira de Meira postos ambulantes de todo tipo, nos que se pode comprar dende produtos para alimentación, ata produtos textiles, pasando por produtos típicos galegos, e podendo disfrutar tamén dun ambiente "festivo", debido en boa parte ós postos típicos de venda de polbo.

Conscientes de que é necesaria unha regulación do funcionamento da feira para establecer as normas que deberán cumprir os vendedores, así como dispór os seus dereitos e obrigas, e as condicións e requisitos para o exercicio da venda ambulante, propónse a aprobación da Ordenanza Reguladora do Réxime da Feira-Mercadiño do Concello de Meira.

CAPÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS.

Artigo 1.- O Concello de Meira establece a "Feira quincenal" na forma tradicional, pero suxeita no sucesivo á presente ordenanza.

Artigo 2.- A feira-mercadiño celébrase os Domingos cada quince días, e poderá ser utilizado por tódalas persoas, para o exercicio da venda ambulante dos seus produtos, cumprindo tódolos requisitos necesarios para esa actividade, ademáis do establecido nas presentes normas.

Artigo 3.- A venda ambulante realizarase en postos ou instalacións desmontables, que serán instaladas á hora do comezo e desmanteladas e retiradas á terminación da feira, sen posibilidade de prórroga algunha.

Excepcionalmente poderá autorizarse a venda servíndose como elemento auxiliar de vehículos de tracción mecánica, se reúnen as condicións hixiénico-sanitarias debidas.

Artigo 4.- Na Feira de Meira considéranse postos fixos aqueles previamente autorizados polo órgano competente municipal para a venda en tódalas feiras celebradas no ano natural; e postos puntuais os autorizados previa solicitude e comprobación do cumprimento dos requisitos esixidos no mesmo día da feira.

Artigo 5.- A superficie mínima de ocupación a solicitar por cada posto será de 2 metros cadrados.

Artigo 6.- Para o exercicio deste tipo de venda, o comerciante deberá cumprir os seguintes requisitos:

- Estar dado de alta no epígrafe correspondente do imposto de actividades económicas, e encontrarse ó corrente do pago do mesmo, no seu caso.

- Reuni-las condicións e requisitos esixidos pola normativa reguladora do produto obxecto de venda ambulante. No caso de froitas, verduras, e outros produtos de alimentación, o titular e tódolos que despachen ó público disporán do correspondente carnet de manipulador de alimentos vixente, e expedido pola autoridade sanitaria competente.

- Estar ó corrente no pago das cotizacións á Seguridade Social.

- No caso de extranxeiros deberán acreditar ademáis estar en posesión dos correspondentes permisos de residencia e traballo por conta propia.

- Estar en posesión da autorización municipal correspondente.

- Satisface-la correspondente taxa establecida ó efecto na ordenanza fiscal vixente.

CAPÍTULO II: CONDICIÓNS E REQUISITOS.

Artigo 7.- As persoas interesadas na obtención da correspondente autorización municipal para o exercicio da venda na feira, presentará no Concello solicitude, especificando na mesma os elementos e circunstancias que constituen e caracterizan o exercicio pretendido e acreditando o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo anterior.

Artigo 8.- A autorización municipal será concedida polo órgano competente, e reflexarase nunha Tarxeta de Identificación de cada posto, na que quedarán recollidos os datos do titular e do posto, sendo obrigatorio para o comerciante tela á vista en calquer momento que lle sexa requerida polo vixiante da feira.

Todo comerciante, que ó requerimento desta tarxeta, presente outra ou non sexa a autorizada polo Concello, perderá automaticamente a súa condición de autorizado para ocupa-lo posto que tiña asignado.

A autorización municipal terá un período de vixencia anual, producíndose a prórroga automática da mesma, sen prexuízo da obriga por parte do seu titular de comunicar a variación de calquer dato con respecto á autorización inicial, no prazo de un mes dende que se produciu tal variación.

A autorización municipal conterà indicación expresa de:

- a) O emprazamento, número, rúa, e metros cadrados de espazo público, reservado ó titular na feira.

- b) Os produtos e horarios autorizados en que poderá levarse a cabo a venda ambulante, non podéndose vender outros produtos que os autorizados na tarxeta de identificación.

c) As taxas a ingresar no Concello con arreglo ó previsto na correspondente ordenanza fiscal.

O ingreso das taxas correspondentes levarase a cabo segundo o establecido na ordenanza fiscal correspondente, sen prexuízo de que o prazo de ingreso será dentro dos primeiros quince días a partir do momento do devengo, agás os titulares de postos puntuais, que pagarán o importe da taxa no momento da solicitude da correspondente autorización ó vixiante da feira.

Artigo 9.- Os comerciantes que puntualmente desexen exercer a venda ambulante na feira de Meira, deberán cumprimentar o modelo de solicitude que lle facilitará o vixiante da feira, por duplicado.

O vixiante, unha vez comprobado que o solicitante reúne os requisitos establecidos no artigo 4, e cobrada a taxa correspondente, dará a súa conformidade baixo a súa responsabilidade.

Dita solicitude serviralle ao comerciante de autorización exclusivamente para ese día, debendo o vixiante aportar ó día seguinte unha das copias da solicitude nas oficinas do Concello para o seu rexistro, así como o importe da taxa cobrada.

A instalación do posto farase no espazo público non reservado ós postos periódicos.

Artigo 10.- No suposto de que se pretenda a ampliación do posto polo titular, deberá presentar a correspondente solicitude indicando os metros que precise e acreditando que segue a cumprir as condicións que amosou canda a autorización orixinal, ou ben indicando as variacións da mesma. Poderá obter dita ampliación en superficie contigua ao posto orixinal de non estar concedida, debendo pronunciarse o interesado na solicitude si de non ser así estaría conforme con outra ubicación da totalidade do posto, caso de atoparse vacante con dita superficie noutro lugar. Por último, so cabería tramitalo como posto independente, a non ser que outros titulares de postos consintan a permuta de lugar, e así o comuniquen todos eles ao Concello para a súa autorización, non sendo posible o cambio físico ata que sexa aboada a diferenza da taxa polo titular que amplía, así como as tarifas indicadas por cada un dos cambios de ubicación dos postos, unha vez notificada a autorización municipal.

Artigo 11.- Transmisión mortis causa.

11.1.- En caso de falecemento do titular da autorización, transmitirase o posto a quen resulte herdeiro ou legatario do mesmo, podendo os menores de idade ou maiores incapacitados suceder ó titular do posto representados por quen legalmente estea autorizado. A este efectos os causahabientes deberán comunicar ó Concello no prazo de dous meses dende o falecemento quen é o que asume a titularidade do posto, de non facelo así no indicado prazo declararase caducada a concesión.

No caso de non haber acordo entre os sucesores o posto transmitirase a favor do cónxuxe, fillos, netos, pais ou irmáns do titular por esta orde, dentro do mesmo grao farase a transferencia a que xustifique a súa colaboración no posto co titular durante os tres anos anteriores ó falecemento deste, e de non habela, ó de maior

idade. No caso de non existir ningún dos indicados parentes o posto quedará vacante.

11.2.- No caso de que o titular da concesión sexa unha Sociedade e se proceda á disolución da mesma o acordo de disolución deberá atribuír a algún dos socios os dereitos sobre o posto. En caso contrario considerárase vacante.

Artigo 12.- As autorizacións para o exercicio da venda ambulante poden ser revocadas polas seguintes causas:

a) A falta de pago das taxas municipais.

b) A non utilización do posto durante catro meses consecutivos, sen causa xustificada, aínda tendo aboadas as taxas correspondentes.

c) A non limpeza reiterada do posto e do seu entorno, unha vez rematada a feira e retirado as instalacións.

O Vixiante da feira fará a correspondente advertencia ó titular do posto no caso de incumprimento da obriga de limpeza, baixo apercibimento de revocación de autorización. De non facer caso de dita advertencia procederase á revocación da autorización.

d) A ocupación abusiva ou inxustificada do espazo público non autorizado ou reservado a outros comerciantes, de forma reiterada, atendendo ó informado polo vixiante da feira.

e) A venda de produtos diferentes ós establecidos na correspondente autorización.

f) A falta de respecto e consideración ó vixiante da feira, voluntarios de protección civil e demais servizos de inspección.

Artigo 13.- Os postos e instalacións serán autorizados para ubicarse en lugares reservados, asegurando o acceso a vivendas, establecementos comerciais e edificios públicos.

Artigo 14.- Dentro da feira non se poderá realizar propaganda ou publicidade de ningunha clase, tanto escrita como auditiva, que perxudique os intereses dos demais comerciantes e o pacífico tránsito dos clientes.

Artigo 15.- Os vehículos autorizados, propiedade de cada comerciante e usados para o transporte das mercadorías, cumprarán en todo momento as esixencias de estacionamento marcadas polo Concello, ou os axentes da Garda Civil.

CAPÍTULO III: OBRIGAS E DEREITOS DOS VENDEDORES.

Artigo 16.- Obrigas e dereitos dos vendedores.

Os comerciantes debidamente autorizados para exercer-lo comercio na feira, deberán:

a) Tratar con respecto e cortesía ós clientes que acudan ó seu posto de venda.

b) Manter en perfectas condicións de limpeza e hixiene o posto de venda e os seus arredores.

c) Manter permanentemente no seus estantes, totalmente aislados do chan as mercadorías e produtos

destinados á venda.

d) Respetar-la delimitación e medidas do posto, sen dificultar nunca o paso polas rúas e prazas.

e) Obedece-las ordes e directrices que marque o vixiante do mercado e os demais servizos de inspección e control, facilitando cantos documentos lle sexan reclamados.

f) Denunciar cantas irregularidades observen e supoñan incumprimento das disposicións desta ordenanza e das demais normas que se mencionan nos artigos seguintes.

g) Cumprir o disposto na Lei 26/84, de 19 de xullo, Lei Xeral para a Defensa dos Consumidores e Usuarios, e na regulamentación técnica que afecte a cada un dos supostos de venda exercidos.

h) As demais sinaladas nesta ordenanza.

Os vendedores debidamente autorizados para exercer na feira, terán os seguintes dereitos:

a) O dereito pacífico da venda dos seus produtos e mercadorías, sin que poida ser alterado pola actitude dos demais comerciantes ou clientes.

b) A que o Concello faga respetar a terceiros a localización, medidas e situación dos postos autorizados a cada vendedor.

c) Os demais sinalados nesta ordenanza e nas leis.

CAPÍTULO IV: VIXIANCIA E CONTROL.

Artigo 17.- O Concello de Meira, por mediación do vixiante da feira, xirará cantas visitas de inspección, a oficio ou a instancia de parte, considere pertinentes para vixiar e garantir o debido cumprimento, dos titulares das autorizacións, de canto se dispón nesta ordenanza e noutras normas de aplicación.

Artigo 18.- O vixiante da feira, representa ó Concello de Meira, e deberá ser por tanto permanentemente respetado por tódolos vendedores e clientes da feira, os que acatarán as directrices e ordes que dicte, sinalando entre as súas competencias as seguintes:

- Coidar de que a actividade da feira se realice con normalidade, dacordo co disposto nesta ordenanza e demais disposicións vixentes, dando conta ó Concello por escrito das anomalías que observe no funcionamento da feira.

- Atende-las queixas e reclamacións do público e vendedores resolvendo de inmediato aquelas que así o aconsellen, dando conta en calquer caso á Alcaldía ou Concelleiro Delegado do Servizo.

- Levar debidamente ordenadas e arquivadas copias das autorizacións concedidas, poñendo en coñecemento dos vendedores a finalización do prazo da autorización, ós efectos da súa renovación.

- Velar polo bo orde, policía e limpeza del mercado.

- Notificar ós vendedores as comunicacións do Concello que lles afecten directamente.

- Manter continuamente informada á Alcaldía ou Concelleiro Delegado do Servizo de todo aquilo que de algunha relevancia aconteza na feira.

- Aqueloutras funcións que resulten desta Ordenanza, ou lle foran encomendadas pola Alcaldía ou Concelleiro Delegado do Servizo do que dependa.

Artigo 19.- O vixiante da feira esta facultado para denunciar de forma inmediata ante a Garda Civil as incidencias de carácter grave que se produzan, despois de efectuado o correspondente apercebimento ó infractor.

Artigo 20.- Ós efectos deste Regulamento considéranse incidencias graves as seguintes:

a) A instalación dun posto de venda por parte do vendedor nun espazo público que non lle corresponde.

b) A instalación dun posto por parte do vendedor sen a debida autorización.

c) A reiterada falla de limpeza do seu posto e arredores.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS.

Primeira.- Corresponde á Alcaldía a autorización puntual para a instalación por razóns sociais ou benéficas de postos ou mesas na vía pública a entidades ou asociacións de interese público e sen ánimo de lucro.

Segunda.- En todo aquilo non previsto por esta Ordenanza estarase ó disposto nas seguintes normas:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Admón. Local de Galicia.

- Lei 14/1986, Xeral de Sanidade.

- Lei 26/1984, de 19 de xullo, Xeral para a Defensa dos Consumidores e Usuarios.

- Real Decreto 1010/1985, de 5 de xuño, polo que se regulan determinadas modalidades de venda fóra de establecemento permanente.

- Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que aproba o Regulamento e Bens das Entidades Locais.

- Normativa específica dos produtos ou servizos obxecto de contratación en cada caso.

Terceira.- A interpretación das normas desta ordenanza levarase a cabo polo Alcalde-Presidente do Concello de Meira, que poderá dicta-las instrucións necesarias para a súa aplicación.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA.

Darase un prazo dende a entrada en vigor do presente Regulamento ata o 1 de xaneiro de 2007 a todos aqueles vendedores que tradicionalmente veñen concorrendo á feira de Meira, co fin de que regularicen as condicións dos postos de venda ós efectos de adaptárense ás normas establecidas nos artigos anteriores.

DISPOSICIÓN FINAL.